

Modificacións da P. D. da materia de HARMONÍA

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de HARMONÍA para o curso 2019-20:

- I. CURSO 3º DE GRAO PROFESIONAL
 - MODIFICACIÓNS NO CURRÍCULO

Os seguintes obxectivos e contidos trasládanse ao curso 2020-21, e así se fará constar na programación didáctica da materia de Harmonía no 4º curso de Grao PROFESIONAL.

- CONTIDOS
 - O acorde de cuarta e sexta. Introducción á realización do tiple.A secuencia.
 - Introducción ao acorde de Sétima de Dominante.
O acorde de VIIº grado.
 - Función tonal do sétimo grado.

- II. CURSO 4º DE GRAO PROFESIONAL

- MODIFICACIÓNS NO CURRÍCULO

Os seguintes obxectivos e contidos trasládanse ao curso 2020-21,e así se fará constar na programación didáctica da materia de Análise no 5º curso de Grao PROFESIONAL.

– CONTIDOS

- Harmonía Alterada. Alteración da fundamental, terceira, quinta. Duplicacións.
- Resolución das notas alteradas.
- O Acorde de sexta Napolitana. Procedencia, función tonal, utilización. Resolucións características e excepcionais.
- O Acorde de sexta Aumentada. Orixe, Resolucións irregulares, función tonal.
- Elementos e procedementos do sistema modal presentes no sistema tonal. Graos característicos.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación (trasladados da programación didáctica) van a ser os seguintes:

- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado; con este criterio preténdese avaliar que o alumno sexa capaz de:
Encadear adecuadamente os acordes, dominar a mecánica de organización harmónica, aplicar adecuadamente unha realización coidada desde o punto de vista musical.
- Realizar exercicios a partir de tiples dados; con este criterio preténdese avaliar que o alumno sexa capaz de:

Empregar con sentido sintáctico diferentes acordes incluíndo os de 7^a de dominante, dominar os diferentes procedementos harmónicos dunha realización coidada e interesante, harmonizar poñendo especial coidado na voz do baixo.

- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos dados sen cifrar; con este criterio preténdese avaliar que o alumno sexa capaz de:

Empregar con sentido sintáctico diferentes acordes incluíndo os de 7^a de dominante, dominar os diversos procedementos harmónicos para conseguir unha realización coidada e interesante, harmonizar poñendo especial coidado na voz de soprano.

- Compoñer exercicios breves a partir dun esquema dado ou pequenas pezas a partir de exemplos dados; con este criterio preténdese avaliar que o alumno sexa capaz de:

Crear no seu integridade pequenas pezas musicais a partir de indicacións harmónicas esquemáticas, comprender os diversos procedementos de funcionalidade harmónica en base aos cales desenvolver formulacións individuais, lograr habilidade para conseguir unha realización lóxica, coidada e interesante, prestando especial atención ás voces extremas.

- Identificar auditivamente diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións; con este criterio preténdese avaliar que o alumno sexa capaz de:

Detectar erros de realización mediante a audición, desenvolver a capacidade para propoñer alternativas adecuadas aos erros detectados.

- Identificar mediante a análise diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións; con este criterio preténdese avaliar que o alumno sexa capaz de:

Detectar os posibles defectos nunha realización mediante a análise da Partitura, desenvolver a capacidade para propoñer alternativas adecuadas aos erros detectados.

- Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados, dentro do carácter basicamente homofónico; con este criterio preténdese avaliar que o alumno sexa capaz de:

Improvisar encadeamentos e procesos harmónicos básicos en todas as tonalidades, interiorizar os encadeamentos e procesos harmónicos básicos en todas as tonalidades, desenvolver as capacidades auditivo-prácticas.

- Tocar no piano traballos realizados; con este criterio preténdese avaliar que o alumno sexa capaz de:

Utilizar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito, interiorizar o efecto que producen as distintas sucesións harmónicas realizadas, comprender o fenómeno da interrelación auditivo-instrumental mediante a práctica.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- A avaliación será continua e reflectirá o resultado da realización de exercicios e/ou traballos referidos aos contidos tratados no curso, a participación e actitude nas clases ata a finalización do segundo trimestre. A nota do alumnado na materia de harmonía será igual á media acadada entre o primeiro e segundo trimestre non minorándose en ningún caso.
- No caso de que a proba obxectiva da segunda avaliación non fora realizada debido á suspensión da actividade lectiva presencial, deberase realizar dita proba. No caso en que esta proba non poida ser realizada debido á falta de conectividade co alumno/a teranse en conta unicamente os datos da avaliación continua para obter a nota de esta segunda avaliación.

- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
 - A cualificación final será a media dos dous primeiros trimestres.
 - Esta cualificación poderá incrementarse nun máximo de **dous (2) puntos** en función da avaliación das actividades realizadas polo alumnado ao longo do terceiro trimestre de acordo cos obxectivos e contidos publicados nesta adenda.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

- Como está indicado na programación o alumnado nesta situación realizará unha proba obxectiva.
 - Dita proba estará adaptada para ser realizada de xeito telemático. Os contidos serán os referidos á primeira e segunda avaliación, que poden ser consultados na programación da materia publicada na páxina web do Centro <https://www.conservatoriosantiago.gal/>
-
- PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DA PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN
 - O alumnado que non teña superada a primeira e/ou a segunda avaliación terá que realizar unha proba telemática e as actividades determinadas polo profesor.
 - A súa avaliación e cualificación será a mesma que estaba determinada con anterioridade na programación. 50% proba obxectiva, 50% actividades realizadas.